

**Dirección Xeral de Formación Profesional**  
**Rede de CIFP**

# Plan de convivencia

**CIFP: Universidade Laboral****Duración: 2022/26**

Versión	Modificacións	Data aprobación/modificación	Órgano aprobación
1	Versión inicial	23/12/2022	Claustro
		13/02/2023	Consello Social
2	Formato, actualización da oferta educativa, inclusión da figura de coordinación de benestar e convivencia e actualización da comisión de convivencia	02/11/2023	Equipo directivo e comisión de convivencia



## Índice

---

1	Introdución.....	4
2	Marco legal.....	4
3	Ámbito de aplicación.....	5
4	Análise da situación.....	5
	4.1. Características do centro e a súa contorna.....	5
	4.2. Xestión e organización do centro.....	7
	4.3. Relacións entre a comunidade educativa.....	7
	4.4. Conflitividade detectada no centro.....	7
	4.5. Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia.....	8
5	Xustificación do Plan de Convivencia.....	8
6	Axentes responsables.....	9
	6.1. Consello Social.....	9
	6.2. Claustro.....	9
	6.3. Equipo Directivo.....	9
	6.4. Comisión de Convivencia.....	10
	6.4.1. Composición.....	10
	6.4.2. Funcións.....	11
	6.4.3. Normas para o funcionamento.....	11
	6.5. Coordinación de benestar e convivencia.....	11
	6.5.1. Funcións.....	12
	6.6. Órganos de coordinación docente.....	13
	6.7. Coordinación do centro con familias e institucións.....	13
7	Participación e relacións da comunidade educativa.....	13
	7.1. Alumnado.....	13
	7.2. Profesorado.....	14
	7.3. Pais, nais e titores legais dos menores de idade.....	14
	7.4. Persoal auxiliar de servizos (PAS).....	14
8	Obxectivos do plan.....	14
9	Descrición das actuacións, medidas ou programas.....	15
	9.1. Organizativas.....	15
	9.2. Curriculares.....	16
	9.3. Formación.....	16
	9.4. Alumnado.....	16
	9.5. Círculo de amigos e amigas.....	17
	9.6. Divulgación.....	17
	9.7. Programa do Departamento de Información e Orientación Profesional.....	17
10	Protocolo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.....	19
11	Prevención da violencia de xénero, igualdade e non discriminación.....	20
12	Normas de convivencia do centro.....	21
13	Difusión do Plan.....	21
14	Seguimento, avaliación e propostas de mellora.....	21



14.1. Seguimento e avaliación.....	21
14.2. Propostas de mellora.....	22

---

## 1 Introducción

---

O Plan de Convivencia é o documento que artella a convivencia escolar no noso centro e enténdese como unha oportunidade para planificar dun xeito sistemático as actuacións que dende o CIFP Universidade Laboral se desenvolverán para manter unha convivencia sa e pacífica no centro e mellorar os procesos relacionais entre os diferentes implicados no proceso educativo.

Na súa elaboración tívose en conta a análise e valoración dos diferentes documentos organizativos e curriculares do centro: o Proxecto Funcional, Plan xeral de atención á diversidade, PAT (Plan de Acción Titorial), Plan de Igualdade, NOF (Normas de Organización e Funcionamento do centro) e Plan Anual.

O CIFP Universidade Laboral, pola súa peculiaridade como Centro Integrado de Formación Profesional, presenta unhas necesidades e características que formulan unha disposición de medidas no ámbito da convivencia propias e diferenciadas. Caracterízase, por non contar coa mesma participación das familias que outros centros educativos, dirixir a nosa actividade a alumado eminentemente maior de idade, entre outros trazos de interese que se definen ao longo dos diferentes apartados.

As accións que se definirán irán encamiñadas á implantación de estratexias de xestión pacífica de conflitos de carácter máis democráticas e que outorguen maiores oportunidades para que sexa o propio alumnado quen participe nesa resolución, á negociación compartida das normas, á participación activa do alumnado na vida do centro, aos programas de educación emocional no marco do PAT e aos plans de prevención do acoso escolar. Mirarase cara a construción das normas de xeito democrático, afondando no desenvolvemento moral, baseando as relacións no respecto mutuo.

## 2 Marco legal

---

A nivel legal, son varias as referencias que fundamentan a existencia deste Plan:

- A lei Orgánica 2/2006 de Educación (LOE) recolle a competencia social e cidadá e considera principios do sistema educativo a educación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos, así como a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, marca as condutas contrarias ás normas, os dereitos e os deberes do alumnado así como as correccións mais habituais nos conflitos diarios.
- Esta lei desenvólvese no Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, onde se recolle tamén o desenvolvemento de procedementos conciliado na corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.
- Orde de 23 de agosto de 2023, pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.

A estrutura do presente documento respecta en todo caso o establecido en canto ao Plan de Convivencia neste Decreto 8/2015.

## 3 **Ámbito de aplicación**

---

O disposto neste Plan é aplicable e debe ser respectado por todos os membros da nosa comunidade educativa.

As normas de convivencia do centro, incluídas neste Plan, logo da súa aprobación, serán de obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa.

## 4 **Análise da situación**

---

### 4.1. **Características do centro e a súa contorna**

O CIFP Universidade Laboral é un centro de ensino público que depende da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, situado no concello de Culleredo, moi próximo á área metropolitana da Coruña, o que fai que o concello se vexa enormemente influenciado por esta proximidade. Debido a isto, as parroquias limítrofes (Rutis e O Burgo) presentan una gran urbanización, aportando un maior número de habitantes ao total da poboación municipal. Trátase fundamentalmente de xente nova que desenvolve as súas actividades profesionais na cidade ou nos polígonos industriais da contorna.

A poboación aproximada do concello era, no ano 2021, de 30.758 persoas: 14.820 mulleres e 15.938 homes.

Independentemente das circunstancias socio-económicas, o centro intenta dar resposta ás necesidades das empresas da contorna, con formación específica naquelas áreas nas que se detecten necesidades formativas.

O alumnado que se incorpora aos ciclos formativos é dun claro enfoque técnico, e procede maioritariamente dos IES da zona e de diversas partes da nosa Comunidade Autónoma, facilitada esta situación por ter anexo ao noso centro o Centro Residencial Docente (CRD), que se atopa a escasos metros de nós. Hai unha minoría de alumnado procedente doutros países, principalmente de América do Sur.

En relación á oferta formativas do centro, ademais das accións formativas para desempregados que se poidan impartir durante o presente curso 2023/2024, e no que respecta aos ciclos de Formación Profesional, no centro impártense ciclos pertencentes a seis familias profesionais en distintos graos, réximes e modalidades. Incluímos os ciclos formativos en cinco bloques de familias porque no noso centro o ciclo de grao básico en Fabricación e montaxe está incluído dentro do Departamento de Instalacións e Mantemento.

#### **Familia de Actividades físicas e deportivas**

- CB Técnico básico en Acceso e conservación en instalacións deportivas.
- CM Técnico medio en Guía no medio natural e de tempo libre.
- CM Técnico deportivo medio en Fútbol (Ciclos iniciais Nivel I e II).
- CS Técnico superior en Ensinanza e animación sociodeportiva.
- CS Técnico superior en Ensinanza e animación sociodeportiva (Réxime MODULAR).
- CS Técnico superior en Acondicionamento físico. Grupos A (mañá) e B (tarde).



- CS Técnico deportivo superior en Fútbol (Ciclo superior Nivel III).

#### **Familia de Electricidade e electrónica**

- CB Técnico básico en Electricidade e electrónica.
- CM Técnico medio en Instalacións eléctricas e automáticas.
- CM Técnico medio en Instalacións de telecomunicacións.
- CS Técnico superior en Sistemas electrotécnicos e automatizados.
- CS Técnico superior en Sistemas de telecomunicacións e informáticos.
- CS Técnico superior en Automatización e robótica industrial.
- Curso de especialización de Robótica colaborativa.

#### **Familia de Enerxía e auga**

- CS Técnico superior en Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica.
- CS Técnico superior en Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica (Régime DISTANCIA)
- CS Técnico superior en Enerxías renovables.
- CS Técnico superior en Enerxías renovables (Régime MODULAR).

#### **Familia de Instalacións e mantemento**

- CB Técnico básico en Fabricación e montaxe.
- CM Técnico medio en Instalacións frigoríficas e de climatización.
- CM Técnico medio en Instalacións frigoríficas e de climatización (Régime MODULAR).
- CM Técnico medio en Instalacións de produción de calor (Régime MODULAR).
- CS Técnico superior en Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos.
- CS Técnico superior en Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos (Régime DUAL).
- CS Técnico superior en Prevención de Riscos Profesionais.
- CS Técnico superior en Mecatrónica Industrial.
- CS Técnico superior en Mecatrónica Industrial (Régime DUAL).
- CS Técnico superior en Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos (Régime ordinario).
- CS Técnico superior en Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos (Régime DISTANCIA).
- Curso de especialización en Modelaxe da información da construción (BIM).
- Curso de especialización en Fabricación intelixente.
- Programa Retorna talento FP: CS Técnico superior en Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos (Régime DISTANCIA DUAL).

#### **Familia de Marítimo – Pesqueira**

- CB Técnico básico en Mantemento de embarcacións deportivas e de recreo.
- CM Técnico medio en Navegación e pesca de litoral.
- CM Técnico medio en Mantemento e control de maquinaria de buques e embarcacións.
- CS Técnico superior en Transporte marítimo e pesca de altura. Grupos A (mañá) e B (tarde).
- CS Técnico superior en Transporte marítimo e pesca de altura (Régime MODULAR).
- CS Técnico superior en Organización do mantemento de maquinaria de buques e embarcacións.

#### **Familias de Instalacións e mantemento – Electricidade e electrónica**

- Programa Retorna talento FP: Formación específica básica de fontanaría, calefacción, electricidade e telecomunicacións en edificios.

O número total de alumnado do centro está en torno aos 1328 alumnos/as, dos cales a inmensa maioría son homes.

## **4.2. Xestión e organización do centro**

A gran extensión do centro xunto coa existencia de diversos edificios (talleres, instalacións deportivas...) fai que haxa moitos desprazamentos entre clase e clase, ocasionando algunhas veces a tardanza na chegada ás mesmas.

O centro abre dende as 8:00 ás 22:00 horas, tendo as portas de acceso sempre abertas durante este horario. Tamén se imparten no centro unha sección da Escola Oficial de Idiomas da Coruña, con alumnado externo ao centro. Estas circunstancias caracterízanos como un centro especialmente aberto, con gran parte de alumnado adulto e con alumnado externo ao centro que utiliza as nosas instalacións, o que supón unha diferenza fundamental con outros centros.

## **4.3. Relacións entre a comunidade educativa**

Ademais dos órganos de goberno e coordinación entre a comunidade educativa (Consello Social, claustro, departamentos,...), no noso centro faise unha labor de comunicación con familiares, titores legais e alumnado, utilizando de forma intensa os medios informáticos como as redes sociais, correo electrónico, boletíns trimestrais ou aplicacións informáticas específicas de xestión e comunicación (Abalar,...). Tamén se convocan reunións puntuais a familiares para informar de cuestións que requiran unha presenza no centro.

É certo, por outra banda, que practicamente a totalidade do noso alumnado xa non se atopa en idade de escolarización obrigatoria, e que nestas idades (maiores da 16 anos) as familias xa non requiren un contacto tan próximo co centro educativo xa que o alumnado tamén demanda pola súa banda confianza e independencia aos seus pais/nais.

## **4.4. Conflitividade detectada no centro**

A maioría das amoestacións e sancións atópanse en 1º de 2º de Formación Profesional Básica (FPB) por presentar condutas contrarias ás normas de convivencia.

Entre o alumnado os conflitos que se teñen producido con máis frecuencia son os actos inxustificables que perturban o normal desenvolvemento das actividades, as ofensas e inxurias

entre alumnado, os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e os danos causados de forma intencionada ou por negligencia ás instalacións e aos materiais do centro. Debemos sinalar que estes feitos tan só son frecuentes entre o alumnado de Formación Profesional Básica e, de xeito moito máis esporádico, co resto do alumnado do CIFP.

#### 4.5. Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia

No centro estanse levando a cabo actividades en colaboración cos servizos sociais do Concello de Culleredo, Garda Civil e diversas ONG (riscos das redes sociais, as drogas...) co eido de mellorar a convivencia.

Tras manter charlas informais co alumnado, profesorado, familias e persoal de administración e servizos do centro para coñecer a súa opinión sobre a situación da convivencia no centro, chegamos á conclusión de que non hai graves problemas nin conflitos importantes. En xeral todos opinan que a relación entre o profesorado é correcta, que son correctas as relacións co equipo directivo e que, en xeral, existe boa relación entre o alumnado.

Algunhas das iniciativas que consideramos útiles para mellorar a convivencia no Centro son o emprego dun estilo docente respectuoso e positivo, reforzar a disciplina no centro, favorecer o traballo cooperativo entre o alumnado, acordar normas entre o alumnado e profesorado e unificar os criterios de actuación entre o profesorado.

## 5 Xustificación do Plan de Convivencia

---

Toda a comunidade educativa deberá dar prioridade á prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos sobre a función punitiva máis tradicional. Entendemos que toda a comunidade escolar debe coñecer e asumir o modelo de xestión da convivencia elixido polo centro e deberá estar informada polos diferentes sectores implicados das habilidades, estratexias e recursos para actuar ante os diferentes tipos de conflitos.

O modelo de convivencia elixido no centro debe servir de preparación para a vida social adulta, para asumir e practicar valores cívicos e democráticos, formar para a cooperación e a solidariedade, fomentar as boas relacións interpersoais e a autoestima, dende o diálogo, a escoita activa, a participación e a asunción de responsabilidades, fomentar a crítica construtiva e adquirir compromisos e, en definitiva, mellorar o clima escolar e as relacións entre os distintos membros da comunidade educativa. Hai que tender a unha educación que ten en conta as necesidades de todo o alumnado, independentemente das súas condicións físicas, intelectuais, sociais, emocionais, lingüística, etc., respectar as diferencias, ben sexa por razóns de xénero, procedencia, étnica, capacidade ou cultura. Ensinar en valores para aprender a convivir de maneira responsable e favorecer o traballo cooperativo e colaborativo entre o alumnado.

Para iso o profesorado amosará unha consideración positiva cara todo o alumnado. Sería conveniente que tecesen unha rede de apoios e colaboracións cós propios compañeiros/as e có alumnado e as súas familias no caso de alumnado menor de idade, con outros centros escolares, con outras institucións ou servizos sociais que tamén inciden na resposta ás necesidades do alumnado.

Co presente Plan de Convivencia pretendemos elaborar un documento que serva a dar resposta ás inxerencias amosadas pola comunidade educativa, que sexa coñecido por todos os membros e que nos permita telo de referencia para respectar as normas democráticas de convivencia, elaboradas e asumidas como propias por todas e todos nas aulas, no centro, nas actividades complementarias á formación (ACF) e en calquera outra actividade relacionada coa vida escolar



na que representemos ao noso centro. Como calquera outro plan, este Plan de Convivencia é susceptible de mellora e daquelas correccións que a comunidade educativa considere oportunas.

## 6 Axentes responsables

---

Todos os membros da comunidade educativa son axentes responsables da convivencia escolar nos termos establecidos na Lei 4/2011 e no Decreto 8/2015.

A comunidade educativa no seu conxunto velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar o respecto ás diferenzas, entre elas, a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Ademais das funcións do Consello para a Convivencia Escolar de Galicia, recollidas no art. 10 do Decreto 8/2015, dentro do CIFP, interveñen na elaboración do Plan e das normas de convivencia os seguintes órganos:

### 6.1. Consello Social

As funcións do Consello Social con respecto ao Plan de Convivencia son:

- Propoñer actuacións en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade educativa, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.
- Aprobar o Proxecto Funcional, e como consecuencia o Plan de Convivencia e as súas modificacións, xa que o Plan de Convivencia forma parte do Proxecto Funcional.
- Realizar anualmente o seguimento e revisión do Plan de Convivencia e das normas de convivencia do centro, tendo presentes as propostas co claustro de profesorado, cumprindo co que establece o artigo 43.2. do Decreto 77/2011, para o Proxecto Funcional.

### 6.2. Claustro

As funcións do claustro con relación ao Plan de Convivencia son as que se indican no artigo 7 do Decreto 8/2015:

- Realizar propostas para a elaboración do Plan de Convivencia e as normas de convivencia do centro.
- Participar na avaliación anual da convivencia do centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do Plan de Convivencia.
- Propoñer actuacións de carácter educativo especialmente as relacionadas coa resolución pacífica dos conflitos.

### 6.3. Equipo Directivo

As funcións que lle corresponden ao equipo directivo están recollidas no artigo 8 do Decreto 8/2015:

- Elaborar, de ser o caso, o Plan de Convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, así como as demais competencias da comisión de convivencia, mentres esta non estea constituída.

- Impulsar as actividades previstas no Plan de Convivencia, así como velar pola realización destas e polo cumprimento das normas de convivencia.
- Garantir as condicións para que exista no centro un adecuado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participación do alumnado.
- Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras e o desenvolvemento dos procesos e procedementos que se establecen neste decreto.
- Velar polo cumprimento das medidas correctoras por parte do alumnado.

## 6.4. Comisión de Convivencia

A Comisión de Convivencia ten carácter consultivo e entre as súas funcións está velar pola correcta aplicación do disposto na normativa vixente, neste Plan de Convivencia e nas normas de convivencia do centro.

### 6.4.1. Composición

A Comisión de Convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa.

O nomeamento das persoas integrantes da Comisión de Convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados.

A súa composición ven regulada no artigo 6 do Decreto 8/2015 de Convivencia e, no noso centro, ten a seguinte:

- Presidente: Director do centro. Que será informado puntualmente de todas as decisións e actuacións da Comisión de Convivencia.
- Secretario: Xefa do Departamento de Información e Orientación Profesional (DIOP).
- 1 representante do equipo directivo: Xefa da Área de Innovación, Calidade e Orientación Profesional.
- 2 representantes do profesorado.
- 2 representantes do alumnado.
- 1 representante dos PAS (Persoal Auxiliar de Servizos).

A composición da Comisión de Convivencia para o curso 2023/24 é a seguinte:

- Presidente: Ricardo Baamonde Couto.
- Secretaria: Marina Casal Taboada.
- 1 representante do equipo directivo: Sonia Antelo Méndez.
- 2 representantes do profesorado: 2 membros do profesorado pertencentes ao Consello Social, María Nieto López e Gustavo Adolfo Rodríguez Pérez .
- 2 representantes do alumnado: Aimée Gómes Fernández e o alumno/a elixido como presidente da Xunta de delegados.

- 1 representante dos PAS, o encargado de mantemento de xardín, José Francisco Placer Blanco.

#### 6.4.2. Funcións

As funcións da Comisión de Convivencia son as que indican a continuación, atendendo ao artigo 6.4 do Decreto 8/2015:

- Elaborar o Plan de Convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- Propor ao Consello Social as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o Consello Social sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao Consello Social do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo Consello Social do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

#### 6.4.3. Normas para o funcionamento

Terá, ao menos, tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros. Levantará acta das súas reunións.

### 6.5. Coordinación de benestar e convivencia

A Orde do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia, ten por obxecto establecer a figura da persoa que exercerá a coordinación de benestar e convivencia nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que cursen estudos persoas menores de idade.

A persoa coordinadora de benestar e convivencia será designada pola dirección do centro de entre o profesorado do claustro, preferentemente con destino definitivo, por un período de dous anos, priorizando a súa formación específica, a experiencia, o interese e a dispoñibilidade horaria.

### 6.5.1. Funcións

A persoa coordinadora de benestar e convivencia actuará baixo a supervisión da persoa que exerza a dirección do centro docente.

As funcións da persoa coordinadora de benestar e convivencia son as seguintes:

- a) En coordinación co equipo directivo:
- ✓ Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia do centro.
  - ✓ Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, para o cal velará, entre outras accións, pola incorporación e tratamento no plan de acción titorial de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.
  - ✓ Identificarse ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.
  - ✓ Informar o persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma.
  - ✓ Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.
  - ✓ Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros educativos como ao alumnado e ás súas familias ou ás persoas titoras legais, con especial atención ao persoal do centro que actúa como titoras e titores, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.
  - ✓ Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.
  - ✓ Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas de menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.
- b) En coordinación co departamento de orientación:
- ✓ Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, que se realizarán no centro e desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.
  - ✓ Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.

- ✓ Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.
  - ✓ Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicalo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.
  - ✓ Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.
- c) En coordinación coas asociacións de nais e de pais:
- ✓ Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.

## 6.6. Órganos de coordinación docente

Serán responsables de incorporar, no seu ámbito competencial, as medidas e os acordos adoptados no Plan e nas normas de convivencia.

A súa función principal será a de detectar e comunicar á Comisión de Convivencia e ao Equipo Directivo a información que poda obter no exercicio das súas funcións e que estea relacionada coa convivencia e que observe relevante, así como facer propostas neste asunto. É moi importante a labor da titoría a este nivel, e a necesidade de que o alumnado siga as canles adecuadas para informar sobre a situación actual.

## 6.7. Coordinación do centro con familias e institucións

O Plan terá a suficiente difusión como para garantir que as familias dos menores o coñezan. Estará publicado na páxina web do centro. En canto ás familias destacar as titorías cos titores legais como medio fundamental de coordinación, fundamentalmente, na FP Básica, xa que o noso alumnado é fundamentalmente maior de idade e, sendo o medio de coordinación, tamén directamente con eles, as titorías. Tendo especial coidado, en informar, durante a xornada de acollida, claramente ás familias das normas e forma de contactar cos titores/as do CIFP Universidade Laboral.

# 7 Participación e relacións da comunidade educativa

---

## 7.1. Alumnado

A participación do alumnado na vida do centro é alta, cando se desenvolven actividades complementarias á formación (ACF), e incluso si estas se desenvolven fóra do horario lectivo. Tanto o alumnado de ciclos formativos coma o de ensinanza de réxime especial de Fútbol, amosa unha boa resposta ás actividades organizadas. O que si hai que salientar é que o alumnado de ciclos formativos en réxime de adultos modular, non participa apenas nas actividades que se desenvolven fóra do seu horario lectivo. Isto débese sobre todo a motivos laborais.



O alumnado participa activamente no desenvolvemento de actividades complementarias, nas de emprendemento e de transversalidade, e tamén se inscriben a concursos de presentación de proxectos innovadores e a programas europeos, xa que o centro posúe a Carta Erasmus+.

En cada grupo existe un delegado nomeado pola clase, e tamén hai un representante dos Delegados/as.

É importante deixar claras as canles de comunicación do alumnado do centro, nesta, ou calquera outra materia do seu interese, de aí que se faga unha importante labor de concienciación para que o alumnado faga uso do formulario de Suxestións, Queixas e Felicitacións accesible dende a páxina web do centro.

## 7.2. Profesorado

En canto ao profesorado existe participación da maior parte do Claustro, tanto no deseño das actividades como na organización das mesmas. Certo é que os problemas de convivencia restrínxense en grande medida aos cursos de FP Básica, polo que o profesorado que maiormente participa nas actividades de convivencia é o que imparte docencia nestes grupos.

## 7.3. Pais, nais e titores legais dos menores de idade

Polo que respecta á relación coas familias, e dado que a maior parte do alumnado do centro é maior de idade, límtase principalmente ao alumnado da FP Básica, polo que o contacto cos pais/nais ou titores legais é fundamental.

O primeiro contacto coas familias prodúcese durante o trámite de preinscrición, xa que é o momento no que os/as alumnos/as acoden ao centro acompañados dos pais/nais ou titores legais. O DIOP, como representante da comisión de convivencia, realiza neste intre unha entrevista inicial para detectar posibles problemas de aprendizaxe, familiares, etc, así como o establecemento de contacto cos centros de orixe.

Durante o curso facilítase a comunicación coas familias por diversas canles: telefónico, correo, plataforma Abalar, etc., Tamén se levan a cabo reunións de presentación/acollida para pais/nais da FPB, reunións que teñen unha alta participación, e que se están a demostrar como un medio eficaz para mellorar os resultados e corrixir condutas.

## 7.4. Persoal auxiliar de servizos (PAS)

Os problemas son puntuais neste colectivo da comunidade educativa onde a convivencia é boa en xeral. Hai un excesivo traballo no período de admisión e matrícula, pero que realizan con profesionalidade e en prazo. Destacando a súa presenza e colaboración visible pola crise sanitaria, en especial do persoal de limpeza, polo que seguen implicadas/os día a día en medidas de limpeza e desinfección.

# 8 Obxectivos do plan

---

Os obxectivos do plan son os seguintes:

- Sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia da adecuada convivencia escolar, avanzar no respecto á diversidade, no fomento da igualdade e no respecto polas normas.

- Promover a sensibilización, implicación e compromiso do profesorado, alumnado e de toda a comunidade educativa pola mellora da convivencia.
- Considerar o centro educativo como un espazo onde debe xestionarse a convivencia.
- Fomentar a participación e implicación dos axentes da comunidade educativa nas iniciativas para a mellora da convivencia, xerando espazos de coordinación e colaboración entre profesionais.
- Mellorar o clima de convivencia entre os integrantes da comunidade.
- Adquirir habilidades sociais, comunicativas, etc., para a resolución de conflitos dun xeito pacífico.
- Fomentar o diálogo como capacidade de interacción coas persoas.
- Proporcionar ao profesorado recursos e estratexias para xestionar os conflitos de forma democrática.
- Facilitar o intercambio e a difusión de materiais e experiencias de convivencia.
- Favorecer na aula, e tamén no centro, un clima de respecto, participación e comunicación eficaz.
- Fomentar o desenvolvemento de relacións sociais e afectivas non violentas.
- Ensinar a rexeitar calquera manifestación violenta e discriminatoria.
- Establecer sistemas de resolución pacífica de conflitos.
- Ensinar sen excluír, é dicir, tender a unha educación inclusiva, tendo en conta as necesidades de todo o alumnado, independentemente das súas condicións físicas, intelectuais, sociais, emocionais, lingüísticas ou outras.
- Ensinar en valores para aprender a convivir de maneira responsable e favorecer o traballo cooperativo e colaborativo entre o alumnado, e entre o profesorado.
- Concienciar ao alumnado no respecto ao entorno.
- Colaborar con outros centros e cos servizos sociais dos concellos para dar resposta a todos os problemas que poidan afectar á convivencia no centro.
- Relacionarse cos centros de ensino do noso entorno para informar e mellorar a convivencia.
- Elaborar entre todas e todos un conxunto de normas de convivencia así como as consecuencias derivadas do seu incumprimento.

## 9 Descrición das actuacións, medidas ou programas

---

As actuacións que se van a poñer en marcha para favorecer a convivencia son as seguintes:

### 9.1. Organizativas

- Oferta de actividades formativas para o profesorado (cursos de formación interna).
- Disponibilidade horaria para as actuacións de convivencia no caso do profesorado de FPB.



- Fixación de horarios de ocupación das aulas, especialmente nas de uso compartido, talleres, informática, biblioteca, salón de actos, ...
- Elaboración dun calendario máis preciso para as ACF, evitando solapamentos e informando da temporalización prevista, para tratar de prever a saturación en meses concretos.
- Coordinación dos equipos docentes para acadar unha coherencia na aplicación das normas de convivencia, a través da elaboración do protocolos para facilitar e guialos na súa forma de actuación.
- Coordinación na FP Básica.
- Faranse reunións periódicas dos/as titores/as, orientadora e Xefatura de Estudos por curso para abordar e estudar a problemática ou os conflitos concretos.

## 9.2. Curriculares

Implicación dos/as titores/as no tratamento da convivencia nas titorías.

Este tema ten gran importancia na FPB na que as titorías son presenciais e dispoñen de 1 hora lectiva á semana. Debe facerse especial importancia no traballo sobre convivencia, desenvolvemento de habilidades sociais e educación en valores. Facilitaráselle aos/ás titores/as o asesoramento necesario, dende o Departamento de Información e Orientación Profesional, para axudalos nesta tarefa.

Fomentar a implicación dos/as titores/as nas actividades que se desenvolvan no centro en relación á convivencia e tolerancia entre iguais (ex: xornadas de convivencia con persoas con diversidade funcional, traballo da temática de violencia de xénero, prevención de condutas infractoras e actividades de risco para a saúde, etc.).

## 9.3. Formación

O Centro propondrá actividades formativas no seu Plan de formación interna.

Elaboración de materias formativos para o alumnado en colaboración co DIOP e outras entidades a través de distintos plans.

Formar ao alumnado en "Mediación entre o alumnado", co fin de incrementar a participación do alumnado na xestión da resolución de conflitos. Cando, como mediadores/as de conflitos entre alumnos/as, actúan outros/outros compañeiros/as especialmente formados para iso. É esta unha fórmula moi estendida no mundo educativo. A formación dos mediadores debe ser rigorosa e profunda, xestionada e desenvolvida por persoal experto, con coñecementos científicos de psicoloxía e especialistas en mediación, para poder garantir que os/as mediadores/as saiban en cada momento que está ocorrendo coa tarefa que asumen e o nivel de responsabilidade social a que se comprometen.

## 9.4. Alumnado

Publicidade do Plan na páxina web do centro, de forma que o alumnado o coñeza e poida presentar suxestións sobre o mesmo, ben directamente, ou ben a través do formulario de Suxestións Queixas e Felicitacións, do sistema de calidade. No caso dun grupo determinado, o



delegado de curso sería a persoa a través da que canalizar as suxestións e cambios propostas polo grupo para que as traslade á Dirección.

Actividades que promovan a relación entre alumnado dos diferentes ciclos: Actividades do plan de transversalidade, entroido, celebración do día Internacional contra a violencia de xénero, actividades de emprendemento, Día das Letras Galegas, etc.

## 9.5. Círculo de amigos e amigas

Creación dun "Círculo de amigos/as" organizado a través dos/as titores/as dos grupos. Baséase na creación dun grupo de compañeiros/as do centro que, de forma voluntaria, apoian aos alumnos que teñen menos amigos no centro, ou aos que acaban de chegar ao centro, ou que teñen dificultades para relacionarse. É recomendable que as súas accións sexan organizadas por algún/a profesor/a do centro ou titor/a. Aínda que está especialmente destinado a aumentar a participación social no centro, pódese organizar con outros obxectivos, por exemplo, académicos. É unha estratexia que pretende non só prestar axuda ao/á alumno/a, senón facer conscientes aos/ás outros/as alumnos/as da necesidade de axuda dalgunhas persoas, e o seu compromiso para con elas.

## 9.6. Divulgación

Algunhas das actuacións a desenvolver serán:

- Elaboración de presentacións para expoñer nas pantallas do centro sobre conflitos, acoso, etc.
- Campañas de divulgación e coñecemento do plan de convivencia entre todos os membros da comunidade escolar.
- Seguir colaborando con organismos ou asociacións externas ao centro para traballar a colaboración entre iguais, e a non discriminación.
- Realización de xornadas específicas para tratar o acoso escolar, a violencia sexista, etc., en colaboración con organismos especialistas nestes temas.

## 9.7. Programa do Departamento de Información e Orientación Profesional

Desde o Departamento de Información e Orientación Profesional (DIOP) desenvolveranse actuacións tanto de carácter proactivo como de intervención. Destacan:

### 9.7.1. Potenciar a Acción Titorial

Priorizando a convivencia e a resolución de conflitos. Entre outras medidas na hora presencial de titoría, na FPB, desenvolveranse:

- A) **Un Programa de habilidades sociais** que terá como obxectivo ensinarlle ao alumnado habilidades e destrezas necesarias para desenvolver as súas relacións cos demais. Serán unidades a traballar neste programa, ademais dunha introdutoria para achegarse á conceptualización das habilidades sociais e unha unidade final sobre a avaliación do programa:

- Habilidades de conversación.
  - Refuerzo positivo aos demais. Facer e recibir eloxios.
  - Facer peticións. Pedir favores. Dicar "Non, grazas".
  - Expresar e recibir queixas. Afrontar os erros.
  - escoita activa.
  - Provocación e negociación.
  - Defender os meus dereitos.
  - Autoestima.
- B) **Un Programa de Resolución de conflitos**, que pretende ensinarlle ao alumnado a abordar os conflitos mediante o fomento da negociación, a mediación e o consenso en grupo. Constará de diversas unidades didácticas nas que se abordarán temas como:
- O conflito e a violencia.
  - Afrontamento construtivo do conflito.
  - Condicións axeitadas para afrontar un conflito.
  - Análise do conflito.
  - Busca de solucións.
  - Avaliación de solucións e posibles acordos.
  - Práctica de resolución de conflitos.
- C) Priorizar o **Programa de Acollida** e a adaptación ao ingreso no CIEFP, a transición da educación obrigatoria á Post-obrigatoria supón para o alumnado un gran cambio (diferentes metodoloxías e ritmos de aprendizaxe, maior esixencia de autonomía...) que pode xerar inxedanzas e desaxustes no novo alumnado.

### 9.7.2. Programa de Mediación

Deseñar un Programa de Mediación, co fin de incrementar a participación do alumnado na xestión e resolución de conflitos. O deseño deste programa requirirá dunha abordaxe institucional dos problemas de convivencia no centro, unha forma global de tratamento onde toda a comunidade educativa estea implicada dalgún xeito e o faga desde múltiples aspectos educativos. A idea é que o centro dispoña de persoas formadas en resolución de conflitos en xeral, e en mediación, en particular, ás que se pode acudir de xeito voluntario en caso necesario. Sería necesario nun primeiro momento a formación no tema, así como a creación dunha comisión mediadora e a clarificación de que tipo de conflitos serán susceptibles ou non de mediación.

Así mesmo, desde o Departamento de Información e Orientación Profesional procurárase:

- Coordinar non só as actividades de titoría mencionadas, senón obradoiros a desenvolver en colaboración con outras institucións, destacando a Igualdade entre sexos.
- Formular propostas para a mellora deste Plan.
- Asesorar nos procedementos de alteracións do comportamento, acoso e intimidación.

- Colaborar coas institucións da contorna no deseño de actuacións, e máis concretamente co concello de Culleredo, a través dos servizos educativos e sociais.
- Poñer a disposición do profesorado en xeral, e dos titores en particular, recursos materiais, bibliográficos...
- Cooperar nas relacións titores-familia.
- Realizar entrevistas individuais co alumnado e/ou as familias.

## 10 Protocolo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso

---

O fenómeno denominado acoso escolar, maltrato entre iguais ou bullying atopámolo presente en toda a historia, aínda que nos últimos anos adquire maior interese e relevancia social.

As interaccións e relacións entre iguais inciden no desenvolvemento social dos/as nenos/as e adolescentes, pero non sempre estas relacións son de carácter positivo.

O fenómeno do bullying ou acoso escolar vén definido como “unha conduta de persecución física e/ou psicolóxica que realiza un alumno ou alumna contra outro, ao que elixe como vítima de varios ataques”. Trátase, polo tanto, dunha situación continuada no tempo e de grande intensidade, na que unha das partes se sente poderosa e asume o papel de agresor/a ou acosador/a, en tanto que a outra, máis vulnerable, asume o papel de vítima ou acosada. Polo tanto, malia a alarma social creada por veces nos medios, non debe confundirse unha situación de acoso con pelexas puntuais ou con situacións nas que as dúas partes se atopan en situacións de igualdade.

Algunhas destas manifestacións de acoso poden exercerse a través das novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC): teléfono móbil, redes sociais... (ciberacoso). Algúns exemplos de manifestación a través das TIC son: mensaxes de móbil ofensivas, intimidatorias ou non desexadas; correos electrónicos ofensivos, intimidatorios ou non desexados; utilización da súa imaxe sen permiso, gravacións de sucesos co móbil sen permiso entre outros.

Para erradicar as situacións de acoso escolar, debemos ter presente o seguinte:

- Intervir ao primeiro sinal, para que a violencia non sexa grave nin se repita.
- A amizade e a integración como prevención: o traballo propio da aula debe permitir que todo o alumnado teña un grupo de amigos. Isto permitirá, ao mesmo tempo, mellorar a calidade de vida nas escolas e aprender habilidades sociais.
- Existen tres papeis que hai que previr, intervindo con toda a comunidade educativa:
  - ✓ o de persoa agresora,
  - ✓ o de vítima e
  - ✓ o de persoa espectadora pasiva, que coñece a violencia pero non fai nada para evitala.

Para favorecer o repartimento de responsabilidades e a coordinación na acción, propónse adoptar diferentes fases:

- Fase primeira: Coñecemento da situación. Identificación e comunicación.
- Fase segunda: Recollida de información e rexistro.
- Fase terceira: Análise da información e adopción de medidas.

- Fase cuarta: Seguimento e avaliación das medidas adoptadas.

Propóñense, ademais, unha serie de documentos de apoio en anexos para lles facilitar aos centros educativos as distintas intervencións no desenvolvemento do protocolo. Cómpre recordar que toda a información que figure en todos os documentos empregados e que se recolla nas diferentes fases do protocolo terá carácter confidencial.

Podemos atopar toda a información e fases do [Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso](#) na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en [Educonvives](#).

## 11 Prevención da violencia de xénero, igualdade e non discriminación

---

Este apartado está moi relacionado e complementábase co [Plan de Igualdade](#) do centro.

Educación é proporcionar unha formación integral que lles permita a nenos e nenas, mozos e mozas unha formación plena e que axude a configurar a súa identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á súa vez o coñecemento e a súa valoración ética e moral. Coeducar implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo.

A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero. Nos últimos anos observouse un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos que inflúen no desenvolvemento da súa identidade e en como se manifesta na convivencia escolar, o que orixina un aumento dos conflitos e a resolución non pacífica destes conflitos entre os rapaces e as rapazas.

É preciso polo tanto prestar atención ao proceso de convivencia nos centros educativos para conseguir que se valoren de maneira igualitaria as capacidades, os intereses e as achegas das nenas e dos nenos e favorecer deste xeito as relacións de igualdade e de respecto, o que repercutirá non só nunha mellor convivencia escolar senón tamén nunha sociedade máis igualitaria.

As medidas a adoptar para a prevención da violencia de xénero, igualdade e non discriminación serán:

- M1: Difundir os materiais divulgativos elaborados pola Consellería sobre os principios da coeducación, da igualdade e da educación afectiva e sexual na comunidade educativa.
- M2: Identificar e difundir as boas prácticas e materiais de referencia para realizar unha orientación profesional e vital libre de prexuízos.
- M3: Revisar os documentos internos do centro para explicitar as medidas reeducativas e reparadoras aplicables en caso de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
- M4: Realización de talleres e actividades educativas específicas para facilitar un proxecto persoal e profesional baseado na vocación e capacidades propias, libre de condicionamentos e usos sociais baseados en roles de xénero.
- M5: Realizar un breve protocolo de actuación para abordar casos de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.

Estas medidas valoraranse nas memorias do departamento de DIOP e do Plan de Igualdade:

M1: Nº de documentos difundidos.



M2: Nº de accións difundidas.

M3: Nº de documentos revisados.

M4: Nº de talleres realizados.

M5: Realizado: si/non.

## 12 Normas de convivencia do centro

---

As Normas de convivencia detállanse no documento “Normas de Organización e Funcionamento”. A elaboración das Normas de Organización e Funcionamento (NOF) ten por obxecto establecer as normas de convivencia no centro, concretando os deberes e dereitos dos integrantes da comunidade escolar, e establecendo as correccións que correspondan ás condutas contrarias ás devanditas normas.

Dado o tamaño deste documento, optouse por realizalo nun arquivo separado ao que se pode acceder dende o seguinte enlace: [Normas de Organización e Funcionamento](#).

## 13 Difusión do Plan

---

O Plan de Convivencia debe ser coñecido por todos os membros da comunidade educativa, para acadar tal obxectivo realizaranse as seguintes actuacións:

- Difusión na páxina web do centro.
- Terase unha atención especial, na xornada de acollemento para dar a coñecer o Plan de Convivencia.
- Informarase no primeiro claustro do curso sobre o Plan de Convivencia e a súa importancia e posibilidade de consulta a través da documentación do centro.

## 14 Seguimento, avaliación e propostas de mellora

---

### 14.1. Seguimento e avaliación

Este plan responde a un desexo de mellora e prevención da convivencia porque tras a análise da problemática do noso centro púidose comprobar que o estado da nosa convivencia non amosa graves conflitos.

O equipo directivo dos centros docentes garantirá a participación na avaliación do Plan de Convivencia de todos os sectores da súa comunidade educativa.

A Comisión de Convivencia ten que elaborar unhas directrices anuais ao Plan para concretar as actuacións a realizar cada ano e que deberán ser incorporadas a este.

Conforme a normativa, a Comisión manterá un mínimo de tres reunións ordinarias ao ano, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocado pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta, como mínimo dunha terceira parte dos seus membros.

Nestas reunións valorará o grado de cumprimento das normas de convivencia, das medidas correctoras e realizará o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

Unha vez que se poña en práctica este Plan, ao final de cada curso, comprobarase se houbo melloría e cales foron as súas causas. En función dos resultados, deseñaremos propostas para mellorar aqueles puntos débiles detectados.

A Comisión de convivencia será responsable de elaborar ao final de cada curso unha memoria onde se recollan:

- Grao de cumprimento dos obxectivos do Plan.
- Participación da comunidade educativa no desenvolvemento do Plan.
- Adecuación dos espazos e dos recursos materiais ao plan de actuación.
- Propostas para modificación e/ou mellora do Plan para o curso seguinte.

O Plan difundirase polos diversos medios que ten o centro para comunicarse coa comunidade educativa:

- Consello Social.
- Titorías de nais/pais, sobre todo nas reunións de principio de curso.
- Reunións da Xunta de Delegados.
- Reunións específicas con representantes das institucións ou organismos públicos ou privados dedicados á cultura no contorno do centro educativo.

## 14.2. Propostas de mellora

A memoria recollerá todas as propostas de mellora para levar a cabo no curso seguinte, e tamén como se desenvolverán.

O Plan é un documento vivo e que precisa estar en constante actualización, en función das problemáticas detectadas e das necesidades que aparecen. Ademais hai que ter en conta as propostas de mellora que poden presentar os distintos colectivos, debe analizarse a súa viabilidade e tentar introducir aquelas propostas/ideas máis necesarias para o clima do centro.

O obxectivo é reducir de xeito significativo a conflitividade e condutas negativas detectadas, especialmente na FPB, que inciden de xeito moi negativo no clima do grupo e no seu rendemento, e ten unha relación directa co fracaso nos estudos e no posterior abandono dos mesmos.